

Resultados asistenciais da xestión empresarial

Antelo, J.

Secretario de Sanidade CC.OO Galicia

CAD. ATEN. PRIMARIA 2004; 11: 54-54

Para facer unha avaliación obxectiva e a salvo de críticas por motivos ideolóxicos, non encontramos mellor forma que utiliza-los datos aportados pola propia Administración Sanitaria, recorrendo a facer unha comparación entre os territorios atendidos por institucións sanitarias xestionadas como fundacións e os atendidos por hospitais comarcais tradicionais, referindo os datos, sempre que sexa posible a 10.000 habitantes.

PENDIENTE NÚMERO TABLA

Pendiente título tabla

	Hospitais comarcais	Fundacións	%
Médicos	12.27	9.5	77.42
Persoal sanitario	215.30	125.20	58.15
Pers.non sanit.	40.67	24.04	59.11
Camas	22.73	15.35	67.53
Quirófanos	0.75	0.52	69.33
Ingresos	2.43	2.36	97.12
Gasto/habitante	371.31	199.47	53.72

Nas fundacións non hai Unidades de Coidados Intensivos, mentres que nos Comarcais ou xa existen ou está previsto poñelas en marcha no ano 2004.

Os datos son suficientemente elocuentes, e o que indican é que ou ben se están a despilfarrar recursos nos hospitais comarcais, ou ben a poboación atendida por fundacións está a sufrir importantes carencias asistenciais.

Resulta moi chamativo que a menor porcentaxe se detecte no gasto por habitante, sobre todo se temos en conta que o número de ingresos é similar (só un 2,8% menos nas fundacións), unicamente explicable por unha altísima derivación de pacientes ingresados nas fundacións a outros centros sanitarios de referencia.

A conclusión é evidente: as fundacións son máis baratas, pero a costa de proporcionar menos servizos sanitarios á poboación, de incrementa-las cargas de traballo ó seu persoal e de trasladar parte do seu gasto ós hospitais de referencia (derivacións innecesarias).